

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES ELVIÑA
CURSO: TERCEIRO ESO
MATERIA: CULTURA CLÁSICA
DEPARTAMENTO: LINGUAS CLÁSICAS
DATA: 4 MAIO 2020

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Mediante a observación do funcionamento do mundo antigo poderán discernir os mecanismos do seu propio mundo, tanto nas semellanzas como nas diferenzas (90%)	Competencia socio-cultural. Achegamento á Grecia Antiga e á Roma Antiga. Historia, mitos, pensamento racional, arte, literatura, sociedade, ciencia e técnica.
O alumnado deberá distinguir as raíces latinas omnipresentes e as gregas, máis relacionadas co mundo científico e técnico. Isto axudará no uso das súas propias linguas (10%).	Competencia lingüística. Alicerces da nosa lingua no latín e no grego.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Traballos nos diferentes eidos das competencias.
	Instrumentos: Probas e traballos dos aspectos culturais do mundo antigo e o seu reflexo no moderno.
Cualificación final	<p>Nas materias do Departamento seguiremos as pautas dadas polo Ministerio: será unha avaliación continua elaborada principalmente cos resultados dos dous trimestres presenciais e matizada polos traballos elaborados no confinamento. Teremos en conta as circunstancias radicalmente distintas e distópicas desta avaliación. O alumnado que presente o seu traballo con regularidade e atención poderá verse beneficiado á alza na súa cualificación ata un total dun 20% no caso de estaren correctamente realizados.</p> <p>A nota do aprobado deberá ser un cinco na materia, tal e como está recollido na programación ordinaria.</p>
Proba extraordinaria de setembro	Con respecto á avaliación extraordinaria de setembro o aprobado será tamén a nota de cinco. Os contidos da proba extraordinaria serán os vistos e estudados nos dous primeiros trimestres presenciais.
Avaliación de materia pendentes	Criterios de avaliación: Non hai alumnado pendente.
	Criterios de cualificación: Non hai alumnado pendente.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Non hai alumnado pendente.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Exercicios de historia, arte, mitoloxía, literatura, sociedade, pensamento, ciencia e técnica.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>O obxectivo primordial desta materia é a de ofrecer un panorama do mundo grecolatino e a nosa herdanza no mundo actual. Seguiremos esta liña iniciada nas dúas anteriores avaliacións.</p> <p>Trataremos a vida cotiá en Grecia e Roma: Sociedade, familia, educación, vivenda, vestido, comidas... Faremos moitos exercicios prácticos; algúns estarán extraídos do libro de texto e outros estarán apoiados nos materiais proporcionados dixitalmente.</p> <p>Dado que nos trimestres anteriores afondouse en Grecia, trataremos de incidir en Roma nesta última avaliación: lendas e historia nas súas diferentes etapas, urbanismo e o seu legado.</p> <p>O último apartado que trataremos será o de Literatura e Ciencia no mundo grecolatino: xéneros literarios e os inicios da ciencia e a técnica levados a cabo primeiro en Grecia e continuadas en Roma.</p>
Materiais e recursos	Usaremos o libro de texto pero tamén material proporcionado pola profesora.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Esta addenda á programación do Departamento será publicada na páxina web do IES Elviña. Ademais o alumnado será informado pola profesora nos canles utilizados para a súa formación telemática; dispoñemos dos correos electrónicos dos rapaces e rapazas e serán avisados neles.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.